

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

EXTRACTO da Orde do 20 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do Programa Muller 22, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se convoca para o ano 2022 (código de procedemento administrativo TR770A).

BDNS (Identif.): 636760.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as cooperativas e as sociedades laborais, que contraten por conta allea mulleres desempregadas, inscritas como demandantes de emprego, para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén poderán ser beneficiarios dos incentivos os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral, excepto para facer contratos con persoas con discapacidade e contratos con persoas en situación ou risco de exclusión social, respectivamente.

Segundo. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, á convocatoria para o ano 2022 dos incentivos á contratación indefinida inicial de mulleres desempregadas que presentan desvantaxes e dificultades particulares para acceder ou permanecer no mercado de traballo (código de procedemento TR770A).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do Programa Muller 22, no marco do Plan de recu-



peración, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se convocara o ano 2022 (código de procedemento administrativo TR770A).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínanse seis millóns de euros (6.000.000 euros).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de solicitude de axudas desta orde iníciase o día seguinte ao da súa publicación e remata o 30 de setembro de 2022.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2022

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

CVE-DOG: szgx9wn8-mfi5-v8p6-jot0-wnzuxu59c8q0

